

Ramón CABANILLAS



Cambados, 3 de xuño de 1876 – 9 de novembro de 1959

O 9 de novembro de 2009 cúmprense 50 anos da morte de Ramón Cabanillas, un dos máis sobranceiros poetas do s. XX en lingua galega. Con tal motivo, a Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Cambados, declarou este ano como o “Ano Cabanillas”, ó longo do cal se veñen desenvolvendo diversas actividades institucionais en homenaxe a este escritor





**Logo de principar a
carreira
eclesiástica,
abandónaa para
exercer como
funcionario do
Concello de
Cambados, onde
pasa o seu tempo de
lecer lendo gran
cantidade de libros
e comezando a dar
saída á súa
vocación literaria.
Entre 1910 e 1915
vive en Cuba, onde
publica as súas
primeiras obras,
entre ellas *Vento
mareiro* (1915)**



**Á súa volta á Galicia
vincúlase ó
movemento agrarista
de Basilio Álvarez, que
reivindicaba a mellora
das condicións dos
labregos galegos.
Entra tamén nas
Irmandades da Fala, ás
que contribúe coa súa
producción lírica,
publicada en *A Nosa
Terra*. Dentro do
grupo, síntese máis
vencellado ás
posicións
tradicionalistas de
Vicente Risco**



CABANILLAS
Da Terra asoballada
arealonga

NA · NOITE
ESTRELECIDA
DA PO
R · CABANILLAS



Pouco a pouco vai enfocando a súa producción poética cara a loita política, e de aí xorden poemarios como *Da Terra Asoballada* (1917) e o poema longo *Na noite estrelecida* (1926). Este, a decir da crítica e del mesmo, a súa composición máis lograda, tenta situar á cultura galega na herdanza do Ciclo Artúrico e a “materia de Bretaña”


Con todo, non descoída a súa vertente lírica, e en 1927 dá ó prelo *A rosa de cen follas*. Os anos 20 son a súa época de maior repercusión pública, xa que é elixido membro da Real Academia Galega e a Real Academia Española. A Guerra Civil súmeo nun fondo silencio, do que sairá na década de 1940, e seguirá escribindo ata pouco antes da súa morte



**Deitouse a dormir o Tempo.
Está baleira a clepsidra.
Meu corazón sóio marca
a hora da despedida.**

**Veñen días, veñen noites,
e pasan noites e días.
A miña vida non pasa:
está nesa hora detida**

(A rosa de cen follas, XX)



AUTOR: Alfonso Blanco

MÚSICA: *O bruxo da montaña*, por Milladoiro

